

## **BANDO DA ALCALDÍA**

# **O CONCELLO DE MELIDE PECHA AS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS, CULTURAIS E SOCIAIS COMO MEDIDA DE PREVENCIÓN FRONTE AO CORONAVIRUS**

A medida tomouse a raíz das recomendacións sanitarias lanzadas polos gobernos estatal e autonómico de cara a reducir ao mínimo as posibilidades de contaxio do corovirus. Suspendese tamén actividades culturais, deportivas e sociais para as vindeiras semanas.

Tamén se suspende as Feiras e o mercado dos domingos.

### **Dende o Concello de Melide aconséllase extremar a hixiene:**

- Lavar as mans frecuentemente con auga e xabón, ou utilizar unha solución hidroalcohólica.
- Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca se non se teñen as mans limpas.
- Practicar unha boa hixiene respiratoria: cando tusa ou esbirre, tapar a boca e o nariz cun pano de papel, que inmediatamente hai que desbotar nunha papeleira, ou facelo contra a flexura do cóbado. Despois de tocar as secrecións respiratorias (ao esbirrar, tusir ou tocar un pano de papel) e/ou obxectos contaminados, deberá lavar ben as mans.
- Se ten síntomas de infección respiratoria (FEBRE, TOSE, DIFICULTADE RESPIRATORIA OU DISPNEA) afástese doutras persoas e mantéñase a un distancia de, polo menos, a 2 metros.
- Non se recomenda o uso de máscara como medida de protección para persoas que non estean enfermas. Ao contrario, isto pode xerar unha sensación de seguridade que non é certa e a súa manipulación pode motivar máis risco por contacto con nariz, boca ou ollos.

Ademais, se se teñen síntomas -especialmente se se estivo en zonas de risco-, a recomendación é chamar ao teléfono gratuito **900 400 116** habilitado pola Xunta para facilitar información sobre o coronavirus. Se se está nesa situación -síntomas leves ou se se quere facer algunha consulta- non se debe acudir ao centro de saúde nin ao hospital e no caso de que o problema sexa máis grave, chamar ao **061**.

Melide, 12 de marzo de 2020

Alcalde do Concello de Melide

José Manuel Pérez Penas